

1. POESÍA ÉPICA

1.1. Orixe do xénero



Ata onde chegan os nosos coñecementos, a literatura occidental nace en Grecia co xénero épico, concretamente coa *Iliada* e a *Odisea* de Homero.

A palabra “épica” procede do grego ἔπος, que quere dicir “palabra”, no sentido de “palabra relatada” , “narración”. Segundo se deduce da estrutura e a linguaxe dos poemas homéricos, eses relatos deberon ser compostos de forma oral, ó longo

de varias xeracións, por un conxunto de poetas que gañaban a vida recitándoos acompañándose, a maior parte das veces, dalgún instrumento musical. Iso require tamén a creación duns esquemas rítmicos (e/ou de rima, que a poesía antiga non utilizaba), que os gregos construíron combinando de diversas maneiras as sílabas das palabras, distinguindo entre longas e breves (tendo a longa o dobre de duración que a breve); así produciron o que chamamos “metros” e compuxeron os seus versos de acordo con eles. Para a poesía épica estableceuse como patrón o hexámetro dactílico: cada verso contiña seis estruturas métricas ou “pés”, dos que, polo menos o quinto, debía ter a foma do chamado “dácilo”: unha sílaba longa seguida de dúas breves. Deste xeito, o primeiro verso da *Iliada* (Μῆνιν ἄειδε, θεά, Πηληϊάδεω Ἀχιλῆος) presenta a seguinte medida rítmica:


Μῆ-νιν ᾗ//εἰ-δε, θεᾗ//ᾗ, Πη//ληϊ-ᾗ-δε//ω Ἀ-χι//λῆος
- ~ ♪// - ~ ♪// -// - ~ ♪// ~ ♪// - ~

Por tanto, todo poema composto en hexámetros pode, en principio, clasificarse como épico. Con todo, desde moi cedo, debido ó traballo dos poetas, a épica rematou distinguíndose pola súa forma e tamén polo seu contido: os poemas épicos deben narrar feitos nos que interveñen deuses, heroes e mortais; ademais, eses feitos deben ter un carácter grandioso e estar motivados por fortes paixóns duns e outros.

1.2. Homero

Unha vez demostrado o carácter oral e prehistórico dos poemas homéricos, houbo que debater dous temas: por unha banda, cando se puxeron por escrito; pola outra, se foi Homero -o nome que a tradición nos dá- quen o fixo e, de telo feito, canto puxo da súa parte como autor.

Sabemos con seguridade que os relatos dos dous poemas eran moi coñecidos en Grecia desde bastante antes do uso xeralizado do alfabeto. Dase por certo que a guerra de Troia, o acontecemento central para ambas obras, tivo lugar arredor dos s. XII-XI a.C. Tamén é seguro que no s. VIII a.C. o alfabeto estaba xa en uso. Segundo estes e outros datos, hai acordo xeral en que a *Iliada* e a *Odisea* tiveron forma escrita a mediados dese s. VIII. A partir de aí, convertéronse nos libros fundamentais da cultura helénica, sobre os que se baseaba a educación escolar.



En canto á segunda cuestión, é imposible de resolver definitivamente. Os gregos antigos estaban convencidos da autoría de Homero, un poeta do que sabemos moi pouco, e o pouco que sabemos está moi envolto na lenda. Dísenos que era cego e que procedía da illa xónica de Quíos (aínda que moitas cidades e illas gregas reclamaron ser a súa patria). Polo que toca ós poemas, son demasiado longos para que ninguén puidese sabelos de memoria de forma completa. É posible que Homero fose só un recompilador, aínda que a maioría dos estudiosos concordan en que as dúas obras presentan trazos de estilo comúns. Por tanto, é posible que Homero fose un autor dunha gran capacidade que recompilou, oralmente ou por escrito (ou das dúas formas), toda a serie de relatos que conforman a *Ilíada* e a *Odisea*, para finalmente dotalos dunha estrutura e unha linguaxe o suficientemente unitarios.

1.2.1. A *Ilíada*

É considerada o poema máis antigo dos dous. O seu ton é predominantemente serio, como corresponde ó que narra: acontecementos da guerra que enfrontou a varios líderes gregos contra a cidade de Troia, que os arqueólogos descubriron no noroeste de Asia Menor. A orixe mítica da guerra está no rapto de Helena, esposa de Menelao, rei de Esparta, polo príncipe troiano Paris. Desde o punto de vista histórico, a guerra debeu ter lugar pola ansia dos reis gregos de controlar o paso ó estreito dos Dardanelos, cuxa entrada Troia gardaba.



Está dividida en 24 cantos (con 15.693 versos en total), cada un dos cales ocupaba a extensión dun volume de papiro. Neles non se conta a guerra desde a súa causa inicial ata o seu remate, senón que empeza *in medias res* e termina sen narrar o desenlace do conflito. Os acontecementos principais consisten en discusións entre os xefes gregos e batallas entre gregos e troianos. A acción é sempre impulsada por individuos -todos eles con caracteres moi fortes e apaixonados-, coa intervención case constante dos deuses, que tamén disputan entre eles para favorecer a uns e outros.

De maneira resumida, isto é o que se relata en cada un dos cantos:

- Canto I: No campamento grego declárase unha epidemia. Ó ser consultado, o adiviño Calcante explica que o mal se debe a que Agamenón, rei de Micenas e xefe da expedición grega contra Troia, apreixou a Criseida, filla dun sacerdote de Apolo, quen enviou a enfermidade. Aquiles, rei dos mirmidóns, propón que Agamenón devolva á prisioneira, e este accede, mais esixindo que Aquiles lle entregue á súa propia escrava Briseida. Aquiles négase e discute con Agamenón, quen lle arrebatou á muller. Aquiles, moi anoxado, di que vai deixar de loitar do lado dos gregos. Tetis, a deusa nai de Aquiles, pide a Zeus que defenda a honra do seu fillo, ó que accede.
- Canto II: Agamenón, para probar a lealdade das súas tropas, dilles que poden voltar a Grecia. Contra o esperado, os soldados tómanlle a palabra e Ulises, rei de Ítaca, ten que convencerlos para que queden. A seguir, os gregos marchan contra Troia, e os troianos saen da cidade a facerlles fronte.
- Canto III: Paris, fillo do rei de Troia, Príamo, e causante do conflito ó ter raptado a Helena, esposa do rei Menelao de Esparta, decide propoñer un combate singular con este para rematar co conflito. Durante a loita, cando Paris está a piques de ser derrotado, é salvado pola deusa Afrodita.

- Canto IV: O troiano Pándaro dispara unha frecha contra Menelao e desátase unha batalla xeral.
- Canto V: O heroe grego Diomedes destaca na loita, e fire mesmo a Afrodita e Ares, que pelexan a carón dos troianos. Pola súa parte, Atenea e Hera apoian os gregos.
- Canto VI: Diomedes segue loitando, e Héctor, xefe do exército troiano e fillo maior do rei Príamo, prepárase para saír da cidade ó combate.
- Canto VII: Héctor loita contra o heroe grego Áiax, con resultado indeciso. Os gregos deciden defender o seu campamento cun muro.
- Canto VIII: Zeus prohíbe os deuses intervir no combate, e os troianos levan as de gañar. A chegada da noite salva os gregos.
- Canto IX: Os heroes Áiax, Ulises e Fénix visitan a Aquiles para pregarlle que volva á loita, pero el négase.
- Canto X: Durante a noite, Ulises e Diomedes infíltanse entre os troianos e matan ó seu heroe Dolón.
- Canto XI: Co novo día, gregos e troianos recuncan na batalla, outra vez con signo desfavorable para os gregos.
- Canto XII: Combátase a carón do muro grego, e Héctor consegue romper as súas portas.
- Canto XIII: O exército troiano chega ata os barcos gregos, que están en situación desesperada.
- Canto XIV: Agamenón propón fuxir, pero Ulises opónse. Mentres, a deusa Hera consegue que Zeus durma; dese xeito, Posidón acode en axuda dos gregos, que expulsan os troianos do seu campamento.
- Canto XV: Zeus esperta e renova a prohibición de que os deuses interveñan. Con todo, envía a Apolo para que dea novos ánimos a Héctor; este recobra as forzas e os troianos chegan unha vez máis xunto ás naves gregas.
- Canto XVI: Patroclo, primo de Aquiles, prégalle que lle permita vestirse coa súa armadura para rexeitar os troianos. Aquiles acepta, sempre que Patroclo se conforme con afastar ó inimigo dos barcos. Pero, levado do éxito, Patroclo chega ata as portas de Troia, onde Héctor loita con el e o mata, quedando ademais coas súas armas.
- Canto XVII: Os gregos combaten por recuperar o cadáver de Patroclo, cousa que finalmente conseguen.
- Canto XVIII: Aquiles recibe a nova e, cheo de dor, é consolado pola súa nai Tetis, quen encarga ó deus Hefesto novas armas para o seu fillo.
- Canto XIX: Aquiles reconcíliase con Agamenón e declárase disposto a loitar de novo.
- Canto XX: Zeus permite agora os deuses participar. O heroe troiano Eneas enfróntase a Aquiles; aquel, a piques de morrer, é salvado por Posidón.
- Canto XXI: Aquiles leva a cabo unha gran matanza entre os troianos, enchendo de cadáveres o río Escamandro, que se anoxa e loita con el. Posidón e Atenea envían a Hefesto en axuda do grego. Apolo apoia os troianos e consegue afastar a Aquiles.
- Canto XXII: Aquiles persegue a Héctor ata atopalo ó pé da muralla de Troia. Loita con el e, axudado por Atenea, mátao. Logo ata o cadáver polos pés ó seu carro e dá varias voltas arredor da cidade.

- Canto XXIII: Durante a tregua posterior á morte de Héctor, ten lugar o funeral por Patroclo.
- Canto XXIV: Príamo, guiado polo deus Hermes, chega á tenda de Aquiles para reclamar o corpo de Héctor. Aquiles accede.

1.2.2. A Odisea

Considérase que é un poema algo posterior á *Ilíada*. O protagonista é Ulises e o seu intento de regresar á súa patria, a illa de Ítaca, despois do final da guerra de Troia. O ton da obra é diferente, pois o asunto non é bélico, senón unha loita individual dun heroe por lograr o obxectivo de reunirse coa súa familia. Durante as súas aventuras aparecen unha serie de asuntos e problemas diferentes dos do primeiro poema: o respecto e o amor entre homes e mulleres, a devoción filial e conxugal, a lealdade dos servintes, a hospitalidade, ou o castigo adecuado para os crimes. O que si se mantén, en relación coa *Ilíada*, é a intervención frecuente das divinidades.

Este é o resumo da obra, distribuída tamén en 24 cantos (con 12.202 versos):

- Canto I: Ulises está retido na illa de Oxixia pola ninfa Calipso, coa que tivo varios fillos. Zeus convoca unha asamblea dos deuses e decide enviar a Hermes para convencer a Calipso de que deixe marchar a Ulises, que estrana á súa familia. Ó mesmo tempo, Atenea, baixo o aspecto do ancián Mentos, vai a Ítaca para persuadir a Telémaco, o fillo de Ulises, de que debe saír de viaxe para buscar ó seu pai. Mentres, no palacio real de Ítaca, un grupo de nobres acosa a Penélope para que elixa un novo marido, dando por morto a Ulises. Ela dílle que fará a súa elección cando remate de tecer un tapiz no que está traballando; ás agachadas, destece durante a noite o que tece polo día.
- Canto II: Telémaco ameaza ós pretendentes da súa nai, mentres Atenea prepara a viaxe do fillo de Ulises.
- Canto III: Telémaco visita a Néstor, antigo integrante da expedición troiana, en Pilos, pero non consegue novas do seu pai.
- Canto IV: Telémaco diríxese a Esparta, onde Menelao e Helena o acollen. Menelao dílle que o seu pai está na illa de Calipso. Mentres, en Ítaca, os pretendentes preparan un complot contra Telémaco.
- Canto V: Hermes insiste ante Calipso para que deixe marchar a Ulises. Finalmente, ela accede. Ulises constrúe unha balsa faise á mar, pero Posidón envíalle unha tempestade. Ulises, agarrado só a un madeiro, chega a outra illa.
- Canto VI: Trátase da illa dos feacios. Alí Ulises atópase con Nausícaa, a filla do rei Alcínoo, quen lle amosa o camiño ó palacio do seu pai.
- Canto VII: Atenea, disfrazada de nena, introduce a Ulises no palacio, onde conta as súas últimas aventuras ós reis, aínda que sen dicir quen é.
- Canto VIII: Alcínoo decide axudar a Ulises e manda construír un barco para el. Durante un banquete, o poeta Demódoco canta o final da guerra de Troia, co episodio do cabalo de madeira. Ulises rompe a chorar e Alcínoo preguntalle por que.
- Canto IX: Ulises declara quen é e comeza o relato das súas aventuras desde o saqueo de Troia. Empeza polo episodio na illa dos cíclopes, onde estivo a

piques de ser devorado por un deles, salvándose debido ó su enxeño. Ó matar a Polifemo, un dos cíclopes, esperta a ira de Posidón, o seu pai.

- Canto X: Segue o relato. Ó escapar dos cíclopes, Ulises e os seus compañeiros chegan á illa de Eolo, o pai dos ventos. Éste regálalles un odre que contén todos os ventos. Unha vez en marcha, os mariñeiros abren o odre, e os ventos devolven o seu barco á illa de Eolo, que os despide, moi enfadado. Logo chegan á terra dos lestrigóns, uns xigantes comedores de carne humana, dos que escapan com dificultades. De novo embarcados, chegan á illa de Eea, onde reina a deusa-feiticeira Circe; esta convirte en porcos ós compañeiros de Ulises, e el sálvase pola intervención de Hermes, que lle dá un antídoto contra as artes de Circe. A meiga namórase del, accede a devolver a forma humana ós seus compañeiros e, logo dun ano, deixa marchar a Ulises.
- Canto XI: En troques, Ulises deberá baixar ó Inframundo a cumprir un encargo de Circe. Ulises atopa alí á súa nai e a varios heroes gregos mortos na guerra de Troia.
- Canto XII: De novo na mar, o barco de Ulises chega á costa das sereas, uns seres que cos seus cantos enganar ós mariñeiros para atraelos a unas rochas, facelos naufragar e devoralos. Ulises faise amarrar ó timón e introduce cera nos seus oídos, co que consegue evitalas. Seguen ata a illa de Helios, o Sol, onde pacen unhas vacas sagradas. A pesar das advertencias de Ulises, os seus compañeiros comen ás vacas. O Sol anóxase e Zeus afunde o barco de Ulises ó pasar entre os monstros Escila e Caribdis. Tras o naufraxio, Ulises chega á illa onde reina Calipso. Termina o relato de Ulises ó rei Alcínoo.
- Canto XIII: Ulises deixa a illa dos feacios e chega a Ítaca. Atenea aparéceselle e infórmao da situación na súa patria.
- Canto XIV: Ulises atópase co porqueiro Eumeo, que non o recoñece, aínda que o acolle na súa chousa.
- Canto XV: Atenea sae en busca de Telémaco mándalle volver a Ítaca. Así o fai, chegando á chousa de Eumeo.
- Canto XVI: Ulises, en ausencia de Eumeo, descóbrese a Telémaco e dálle instrucións para que regrese ó palacio e trate ben ós pretendentes. Atenea envellece a Ulises como disfraz.
- Canto XVII: Telémaco conta a Penélope a súa viaxe. Mentres, Ulises, vestido de mendigo, chega ó palacio. O seu can recoñéceo. Pide esmola ós pretendentes e é maltratado por un deles.
- Canto XVIII: Os pretendentes maltratan e ofenden a Ulises.
- Canto XIX: Ulises, sen descubrirse, cóntalle a Penélope que o seu home está vivo e que está a piques de regresar. Euriclea, a vella ama de cría de Ulises, lávalle os pés e recoñéceo por unha cicatriz. Ulises evita que llo diga a Penélope. Esta declara que casará con aquel que sexa quen de manexar o arco de Ulises.
- Canto XX: De novo os pretendentes maltratan a Ulises.
- Canto XXI: Todos os pretendentes fracasan ó intentar tensar o arco. Ulises fai a proba e conségueo.
- Canto XXII: Ulises e Telémaco matan ós pretendentes.

- Canto XXIII: Ulises descóbrese á súa muller, que ó principio non o cre, aínda que finalmente o reconece.
- Canto XXIV: Hermes conduce ó Inframundo as almas dos pretendentes. Logo celébrase unha assemblea en Ítaca, onde algúns se rebelan contra Ulises, quen os vence coa axuda de Atenea. A deusa establece a paz entre uns e outros.

1.2.3. Características do heroe homérico

A través da lectura da *Ilíada* e a *Odisea* pódese chegar a unha caracterización bastante clara dos heroes que nelas aparecen, tendo en conta que, neste aspecto, hai certas diferenzas entre a primeira obra, considerada máis antiga, e a segunda, que os críticos sitúan nun momento posterior no tempo.

En calquera caso, o heroe homérico é de clase ilustre, cunha ascendencia que se remonta ós deuses. Por exemplo, este é o caso de Aquiles, fillo dun mortal, Peleo, e da deusa mariña Tetis. Pertence, por tanto, polo seu nacemento a unha clase social superior, na que se valora, por riba de todo, chegar a posuír un alto grao de ἀρετή. Esta consiste en ser un guerreiro valente, exitoso no combate e capaz de obter un gran botín para os seus, sempre en agresiva competencia con outros da súa mesma clase. Así, a ἀρετή non depende das intencións do heroe, senón do éxito ou o fracaso das súas accións: se vence, obtén a sona; se fracasa, é censurado publicamente. Para lograr este obxectivo, o heroe homérico pón en risco mesmo a súa propia vida.

Aquiles é quen mellor representa o ideal guerreiro do heroe homérico, xunto con Héctor, o seu antagonista troiano. Por outra banda, Paris representa a antítese: é covarde, aínda que á vez fermoso e querido polos deuses.

Estes trazos heroicos vense matizados na *Odisea* a través do seu protagonista, Ulises, que non se vale exclusivamente da súa forza no combate para lograr o éxito, senón máis ben da intelixencia.